



**Resolución do 22 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se crea, con carácter experimental, a Rede galega de dinamización da FP dual, se seleccionan os centros educativos que a conformarán e se ditan instrucións para nomear as persoas responsables da dinamización da FP dual en cada centro.**

1º. A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da súa vida.

2º. A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo.

4º. A disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emergentes.

5º. O Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe, e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación. Neste sentido, a empresa e o centro de



formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

6º. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional vén promovendo unha participación máis activa da empresa no proceso formativo do alumnado de ensinanzas de formación profesional. Isto permite que as empresas coñezan de xeito máis próximo a formación que recibe o alumnado destas ensinanzas, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas.

7º. A formación profesional dual implantouse en Galicia no curso 2012-2013, como unha modalidade máis das ensinanzas de formación profesional. Do acollemento que esta modalidade formativa tivo entre as primeiras empresas que colaboraron na súa implantación, así como do interese que espertou ao longo destes anos no tecido empresarial de Galicia, xorde a necesidade de dar un impulso á implantación da formación profesional dual en Galicia.

8º. Neste eido, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pon en marcha o Plan de dinamización da FP dual de Galicia. A este plan, que pode ser obxecto de cofinanciamento polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, e polo Fondo Social Europeo do Ministerio de Educación e Formación Profesional, incorpórase a creación dunha rede de centros dinamizadores da FP dual. Esta rede traballará no maior achegamento entre a formación profesional e as empresas, de xeito que se atendan as necesidades de persoal cualificado dos diferentes sectores produtivos e se favoreza a mellora da competitividade e o desenvolvemento do noso tecido produtivo, e a Industria 4.0.

Cómpre, por tanto, ditar as instrucións para a implantación da Rede galega de dinamización da formación profesional dual e, na súa virtude, esta dirección xeral

#### DISPÓN:

##### *Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación*

1. O obxecto desta resolución é establecer, con carácter experimental, a Rede galega de dinamización da FP dual e definir os centros que formarán parte dela, así como os criterios para a selección da persoa responsable da dinamización da FP dual en cada centro.
2. Será de aplicación nos centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional nos que se impartan ciclos formativos da formación



profesional do sistema educativo.

#### Segundo. *Rede galega de dinamización da FP dual (REGADual)*

1. Créase, ao abeiro do Plan de dinamización da FP dual de Galicia, a Rede galega de dinamización da FP dual (REGADual), que actuará baixo a coordinación da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
2. A rede estará constituída por un máximo de 48 centros, nos que se inclúen todos os centros integrados de formación profesional e aqueles outros que imparten FP dual no curso 2018-2019 ou os que imparten ensinanzas de formación profesional e se atopen en zonas xeográficas pouco representadas.
3. Cada centro incluído na Rede galega de dinamización da FP dual contará cunha persoa responsable da dinamización da FP dual.
4. Esta rede actuará como punto de atención ao empresariado e establecerá unha canle de comunicación directa entre administracións, centros educativos e empresas.

#### Terceiro. *Responsable de dinamización da FP Dual*

1. A dirección do centro proporalle á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa unha persoa de entre o profesorado do centro que, con carácter xeral, teña destino definitivo, para o desenvolvemento das funcións de dinamización da FP dual.
2. A persoa responsable da dinamización da FP dual terá dedicación completa e exclusiva para o desenvolvemento das súas funcións.
3. Cada nomeamento da persoa responsable da dinamización da FP dual determinará os períodos de desenvolvemento das súas funcións.

#### Cuarto. *Incompatibilidades*

O exercicio das funcións da persoa responsable da dinamización da FP dual é incompatible co exercicio das funcións atribuídas a algún outro cargo ou órgano do centro.

#### Quinto. *Funcións da persoa responsable da dinamización da FP dual*

1. As funcións da persoa responsable da dinamización da FP dual son as seguintes:
  - a) Facer prospección de empresas. Percorrer o tecido empresarial do ámbito de actuación do seu centro para explicar e difundir a FP dual e determinar as



necesidades das prazas de FP dual nos distintos sectores produtivos.

- b) Atender as necesidades das empresas, dando a coñecer os perfís profesionais axeitados en cada caso e fomentando o achegamento das empresas aos centros educativos.
- c) Atender as necesidades dos titores e as titoras dos centros de traballo e dos centros educativos no desenvolvemento das súas funcións.
- d) Divulgar a FP dual entre o alumnado doutros niveis educativos, para o que contarán coa colaboración dos centros nos que se impartan estas ensinanzas, co fin de favorecer a orientación vocacional e profesional.
- e) Asesorar a todos os actores participantes nos proxectos de FP dual de cara á realización dunha xestión de calidade.
- f) Poderá formar e informar eses actores e realizar outras actuacións relacionadas coa FP dual.

2. Co obxecto de favorecer o correcto desenvolvemento das súas funcións, as persoas dinamizadoras da FP dual deberán participar na actividade de formación que se desenvolverá por parte da Consellería nas primeiras semanas do mes de abril.

#### Sexto. *Presentación de solicitudes*

Cada centro da *REGADual* deberá enviar unha única solicitude asinada polo/a director/a do centro, segundo o modelo establecido do anexo desta resolución, dirixida ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Xunto coa solicitude, o centro deberá achegar a documentación que acredite o horario da persoa responsable da dinamización da FP dual seleccionada.

As solicitudes remitiranse, correctamente asinadas, ao correo electrónico [sfp@edu.xunta.gal](mailto:sfp@edu.xunta.gal), no prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

#### Sétimo. *Resolución*

1. O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ditará unha resolución coa relación de responsables de dinamización da FP dual.
2. Contra esta resolución poderase interpor un recurso de alzada ante a Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

Oitavo. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e sen prexuízo do disposto na súa disposición adicional duodécima, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Profesorado», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica a través do correo electrónico [sxt.educacion@xunta.gal](mailto:sxt.educacion@xunta.gal) ou mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Secretaría Xeral Técnica. Edificio Administrativo San Caetano. San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2019

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa